



Expediente: 1134/2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, CONTRATACIÓN E POSTERIOR CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL, PARA O CONCELLO DE PONTECESURES MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO LIBRE.

Informada esta alcaldía do acordo polo cal se procedeu á suspensión do proceso de baremación de méritos por parte da maioría dos membros que compoñen o Tribunal cualificador designado para o proceso de selección polo Concello de Pontecesures para a selección, contratación e posterior creación dunha bolsa de traballo dun/ha traballador/a social na súa primeira reunión, celebrada o 28 de outubro de 2020, ante o significativo número de solicitudes excluídas do proceso polo mesmo ou mesmos motivos, así como outras cuestións reflectidas na acta á espera de que as súas recomendacións teñan sido avaliadas polo órgano convocante.

Tendo en conta que as bases das convocatorias de procesos selectivos, non impugnadas, convértense en lei entre as partes intervintes no proceso -tanto para a Administración como para os participantes no proceso selectivo-, cuestionar as bases da convocatoria só ten cabida en supostos en que sexa evidente a nulidade radical ou a súa ilegalidade e transcendencia.

Nembargantes, as posibles consideracións e/ou interpretacións das mesmas da forma mais favorecedora para os dereitos fundamentais, sen aplicar supostos *ex novo*, sí pode ser contemplado.

Polo tanto, habida conta do elevado número de solicitantes excluídos do proceso polos motivos descritos como 3 e 4, ou ambos, e as consideracións desprendidas no seo do Tribunal, esta alcaldía considera necesario facer unha aclaración, consonte ás bases que rexen o proceso, relativa ao concepto xurídico de "vehículo propio" que se ha de entender como vehículo "a disposición do aspirante", debendo aportarse contrato que xustifique a dispoñibilidade do vehículo -renting, leasing, etc.-, ou firmarse a declaración responsable tamén polo titular do vehículo, se este non fose de propiedade do participante no proceso selectivo.

Polo exposto e de xeito excepcional, en aras de dar cumprimento ao principio de igualdade e dotar de transparencia ao procedemento, esta Alcaldía

RESOLVE:





1º. Outorgar un prazo excepcional de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente na web do Concello (www.pontecesures.org), aos aspirantes incluídos na lista de aspirantes non admitidos cuxo motivo de exclusión teña sido o descrito nos códigos 3, 4, ou ambos, exclusivamente, para achegar contrato que xustifique a dispoñibilidade do vehículo -renting, leasing, etc.-, ou declaración responsable tamén firmada polo titular do vehículo, se este non fose de propiedade do participante no proceso selectivo.

2º. Revisada a documentación aportada polos aspirantes incluídos inicialmente nas listaxes de admitidos e excluídos e detectada a ausencia de documentos xustificativos de estar en condicións de cumprir os requisitos esixidos, outórgase un prazo de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente resolución na web do Concello (www.pontecesures.org), aos aspirantes relacionados a continuación para que presenten a documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos no apartado 2.g) das bases así como a documentación acreditativa detallada no apartado 3.b)

NOME A APELIDOS	DNI
SABELA COLMEIRO GARCÍA	***5381**
MARÍA MANUELA ZAS CASTRO	***5357**
ROSA ANA BALEIRÓN BAAMONDE	***0684**

3º. Transcorridos os devanditos prazos, as listaxes definitivas serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Pontecesures e na súa páxina web (www.pontecesures.org).

4º. Fixar o día 6 de novembro de 2020 como data na que o Tribunal designado se reúna novamente para dar comezo ao proceso de selección.

Mándao e asíno en Pontecesures o Sr. Alcalde D. Juan Manuel Vidal Seage, e a Secretaria D^a. María Trinidad Rodríguez Suárez da fe.

(Documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe)

